 3. Realizar o feedback do plan de intervención.

- Estimular o desenvolvemento da linguaxe, a través do obradoiro de expresión oral en particular na etapa de EI como medida preventiva de posibles dificultades e na poboación en xeral.
 1. Cooperar cos mestres titores no desenvolvemento das áreas de Lingua.
 2. Elaborar un programa de estimulación lingüística.
 3. Intervir na clase con programas concretos de estimulación lingüística.
 4. Avaliar o programa.
 5. Elaborar e desenvolver un programa tomando como referencia o Proxecto de Biblioteca "Hora de ler".

3 ANOS	Acercamento á lectura a través dun conto trimestral.
4 ANOS	Expresión e comprensión a través de contos. Un conto quincenal. Iniciar programa para prevención das dificultades articulatorias (Xogando cos Sons, Edit. Xerais).
5 ANOS	Desenvolver habilidades sociais a través de contos (colección "Cuento contigo" Edit, Cepe). Programa para a prevención e intervención das dificultades articulatorias (Xogando

cos Sons, Edit. Xerais).

- Realizar os reforzos educativos, referidos á temporalización, adaptación de materiais, actividades alternativas ou complementarias eliminando os contidos secundarios, etc. no aspecto lingüístico.
- Mellorar a percepción espacial e temporal.
- Mellorar a motricidade fina.
- Reforzar o control postural.
- Estimular as competencias básicas.
- Desenvolver habilidades mentais.
- Mellorar as habilidades sociais.
- Conseguir o acceso e uso de programas informáticos acordes coas súas posibilidades e faciliten as súas aprendizaxes.

12.4.3.- Pedagogía Terapéutica.

- Respecto á intervención cos alumnos/as:
 - Facilitar o acceso ao currículo.
 - Contribuir a fomentar un desenvolvemento o máis normalizado posible.
 - Contribuir á personalización e individualización do proceso ensino/aprendizaxe atendendo aos distintos ritmos evolutivos.
 - Favorecer a xeneralización das aprendizaxes a outros contextos, a través das relacións coas familias.
 - Conseguir o acceso e uso de programas informáticos acordes coas súas posibilidades e faciliten as súas aprendizaxes.
 - Contribuir a desenvolver os seguintes aspectos:
 - Desenvolver a percepción sensorial.
 - Desenvolver a percepción espacio-temporal.
 - Favorecer o desenvolvemento de aspectos psicomotrices.
 - Perfeccionar a súa independencia persoal.
 - Incrementar a capacidade de escoitar e comprender.
 - Mellorar a expresión verbal e escrita.
 - Iniciar e reforzar as competencias básicas.
 - Adaptarse a sí mesmo, á escola e aos demais.
 - Despertar a curiosidade e interese polas aprendizaxes.
 - Desenvolver e reforzar as habilidades mentais básicas mediante estratexias para conseguir a capacidade de razoar.
- En canto a coordinación cos profesores/as do centro:

- Coordinar cos profesores/as que atenden a ACs para a avaliación e seguimento do proceso ensino/aprendizaxe.
- Coordinar sistemáticamente cos profesores/as tutores/as e especialistas que atenden a estes alumnos/as co fin de preparar e adaptar o material didáctico para o reforzo educativo.

Estos obxectivos serán referentes nas diferentes prácticas educativas e intervencións do departamento de orientación o longo de todo o curso.

12.5.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.

Os A.C.N.E.E. recibirán atención docente directa por parte dos seus profesores/as do grupo no que se integra, coa axuda se fose necesario das profesoras de P.T. e A.L. e dos Mestres/as de apoio de Educ. Infantil e Mestres/as de Educ. Primaria con disposición horaria.

O centro contempla unha serie de medidas para alumnos/as con N.E.E. que se especifican a continuación:

O obxectivo último será proporcionar a cada alumno/a a resposta que necesita en función das súas necesidades e posibilidades, tratando sempre de que dita resposta se alonxe o menos posible dos que son comúns para todos os alumnos/as.

Os A.C.N.E.E. atenderanse cun tratamento individualizado cos seguintes criterios:

- Cambios metodolóxicos.
- Priorización en obxectivos e contidos.
- Modificacións no tempo de consecución dos obxectivos.
- Adecuación nos criterios e formas de avaliación.
- Elaboración de ACs se fose necesario.
- Respetaranse sempre aquelas áreas e actividades que pola súa dinámica favorezan a participación co resto do grupo: educación física, música, ..., etc.
- Apoiaranse fóra da aula só naqueles casos que sexa de máis aproveitamento para o alumno/a.
- Plantexaranse facer unha labor preventiva con aqueles casos que vaian xurdindo.
- Colaboración co equipo docente na elaboración de materiais de traballo cos alumnos/as.
- Programación conxunta co equipo de ciclo de obxectivos mínimos que ten que acadar o alumno/a en cada ciclo.
- Seguimento e avaliación dos obxectivos propostos.
- Facilitar ao profesorado información e materiais que poden favorecer a integración social e académica dos alumnos/as con N.E.
- Contactar con outros/as profesionais implicados/as no proceso educativo, social e médico dos alumnos/as.
- Recabar dos pais, información sobre o alumno/a.
- Reunións con pais/nais para recoller datos, recomendarlle pautas de actuación e informarlle da evolución ds seus fillos/as.
- Implicar aos pais/nais no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as, dándolles as orientacións e apoios pertinentes.
- Reunións do Departamento de orientación do centro.
- Reunións co profesorado de apoio de Educ. Infantil e coas Profesoras de Educ. Especial.
- Reunións con tutores/as e con equipos docentes.

- Reunións co Departamento de Orientación do IES "Antón Losada Diéguez" no que cursan ESO os alumnos/as que rematan a Educ. Primaria.
- Reunións con orientadores/as doutros centros.

12.6.- ACTUACIÓN E CONCRECIÓN DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO PARA O CURSO 2011-2012:

12.6.1.- Relacionadas coa inclusión e a diversidade.

- Asesorar ao equipo directivo, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción titorial.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e pronta detección de dificultades de aprendizaxe.
- Recollida de datos de alumnos/as novos no centro e actualizar os xa escolarizados. Para desenvolver este punto a orientadora mantén con moita frecuencia reunións cos diferentes titores/as.
- Axustar as propostas de apoio a realidade de cada alumno/a.
- Colaborar no plan de adaptación dos alumnos/as de 3 anos.
- Implicación no plan de acollida de alumnado novo, dun xeito especial se son de orixe estranxeira.
- Asesorar os titores/as e o profesorado en xeral nos procesos de programacións, medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado.
Os actuacións anteriores concretaranse en reunións moi frecuentes cos titores/as e especialmente coas profesoras de P.T., A.L. e as mestras de apoio de educación infantil.

No mes de setembro organizaranse reunións cos equipos de ciclo de cada nivel. Estes contactos terán continuidade nas sesións de avaliación.

Farase, por parte da orientadora, un seguimento moi directo de aqueles alumnos/as de necesidades específicas de apoio.

Organización de apoios dentro e fóra de aula.

Entrevistas con familias e contactos con servizos externos cando sexa necesario.

12.6.2.- Relacionadas coa acción titorial

- Potenciar o Plan de acción titorial especialmente nos aspectos seguintes:
 - Liñas xerais de intervención para atención á diversidade nunha sociedade multicultural e alumnos/as con necesidades educativas específicas, facendo un seguimento directo a aqueles alumnos/as procedentes do estranxeiro.
 - Accións que favorezan técnicas de traballo intelectual.
 - Actuacións encamiñadas a un desenvolvemento axeitado das relacións sociais e dun clima convivencial positivo.

Facilitaráselle os titores/as os materiais que precisen para desenvolver estes aspectos.

Estas actuacións terán como referencia o plan de convivencia.

- Colaborar cos equipos docentes na elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado. Facilitaranse cuestionarios, se o titor/a o solicita así como se asesorará na cumplimentación do informe de avaliación inicial e final en XADE.
- Atención a familias sempre que o solicite o titor/a ou a propia familia.

12.6.3.- Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores.

- Asesorar á xefatura de estudos sempre que se lle demande no ámbito de convivencia.
- Participar en celebracións relevantes como o día dos dereitos do neno e o día da Paz.
- Durante o 2º trimestre a orientadora desenvolverá un programa de habilidades sociais en 6º de primaria.

Neste programa os puntos fundamentais a tratar serán:

- Introducción ás habilidades sociais.
- As habilidades sociais.
- Dar e recibir opinións agradables.
- Conversacións.
- Dar e recibir queixas.
- Pedir favores.
- Saber dicir "non".
- Afrontar conflitos.
- Toma de decisións.
- Poñerse no lugar de outro.
- Evitar conflitos.

Durante o 2º trimestre está programado desenvolver actividades de potenciación da convivencia co Departamento de Cultura do Concello.

12.6.4.- Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade.

- Participar nas diferentes sesións de avaliación.
- Participar nas medidas a adoptar para unha mellora dos resultados da avaliación diagnóstica de 4º de primaria. En este punto participará todo o D.O.
- Participar en cursos de formación.
- Xestionar a adquisición de materiais: probas psicopedagóxicas, libros de consulta e recursos que se poidan usar tanto pola propia orientadora como complemento educativo de calquera outro docente.

- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas dos alumnos/as que o necesiten, asesorando e colaborando nos reforzos educativos e adaptacións curriculares que procedan.
- Fomentar a valoración do esforzo polo aprendizaxe.
- Promover accións encamiñadas á potenciación das materias instrumentais do currículo.
- No mes de abril o D.O. pasa unhas probas psicopedagóxicas (Bohem e Reversal Test) con unha finalidade de avaliación diagnóstica e asúa vez preventiva cara a escolarización na etapa de educación primaria.

12.7.- METODOLOXÍA.

Apoiada nas características psicoevolutivas do neno/a e nas condicións do contorno social.

Caracterizarase por ser:

- Activa.
- Participativa.
- Integradora.
- Indutiva.
- Diversificada.
- Personalizada.
- Flexible.
- Potenciadora da aprendizaxe significativa.

Tratarase en todo momento de motivar aos alumnos/as partindo dos seus intereses e dos seus coñecementos; isto terémolo tamén en conta á hora de elixir o material de traballo.

Procuraremos cambiar de actividade tras certo período de tempo, de acordo coa atención procurando que dito período aumento ao longo do curso pero sen que iso supoña cansancio para o neno/a.

Intentaremos que as explicacións non teñan excesiva información para que poidan ser retidas con máis facilidade.

Empregaremos material didáctico variado acorde coa temática e aproveitando os recursos do contorno socioeducativo.

Outro aspecto a ter en conta é a coordinación que debe existir entre:

- os profesores/as de aula (titores/as, especialistas)
- xefa de estudos.
- Orientadora.
- profesora de audición e linguaxe.
- profesora de pedagogía terapéutica.
- mestras de apoio de educación Infantil.
- Familia.

O horario de atención será flexible, dependendo da evolución dos alumnos/as.

12.8.- TEMPORALIZACIÓN.

No mes de setembro organizarase a atención do A.C.N.E.E. de continuidade.

Ao longo do curso faranse as novas valoracións que xurdan e sexan demandadas polos titores/as ou familias, tratando de priorizar aqueles alumnos/as que presenten un desfase curricular máis alonxado do seu grupo de referencia.

As actuacións sinaladas no apartado anterior desenvolveranse do xeito seguinte:

As correspondentes o punto 1 desenvolveranse especialmente no 1º trimestre.

O sinalado no punto 2 e 3 traballarase ao longo de todo o curso. As actividades de Habilidades sociais en 6º concretanse no 2º trimestre.

O punto 4 abárcase, sobre todo, nas sesións de avaliación de cada trimestre.

12.9.- AVALIACIÓN.

Para que a avaliación cumpla unha función pedagóxica será continua, no sentido de que o proceso educativo será visto de tal xeito que en calquera das súas fases poderánse introducir reaxustes nas actuacións de todos os implicados.

Como en todas as avaliacións contemplanse os seguintes apartados:

- Inicial. Recollida e actualización de datos.
- Avaliación do proceso. Análises periódicos dos progresos e das dificultades que se van presentando, propoñendo, en caso necesario os cambios precisos.
- Avaliación do Obradoiro de Expresión Oral en Educ. Infantil: obxectivos reflectidos no Boletín de Educ. Infantil.
- Os aspectos máis salientables quedarán reflexados nunha memoria que tratará fundamentalmente os seguintes:
 - Enumeración de actividades realizadas.
 - Logros acadados.
 - Dificultades atopadas.
 - Factores que puideron influir.
 - Aspectos que se consideran que se poden modificar e mellorar.

12.10.- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

12.10.1. XUSTIFICACIÓN.

Un dos principios fundamentais a ter en conta tanto na metodoloxía en xeral, como na práctica diaria de aula é o de atención á diversidade do alumnado.

A Lei Orgánica de educación 2/2006, do 3 de maio inclúe entre un dous seus principios básicos o de: "proporcionar a calidade de educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias".

É obxectivo final da educación que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades individuais e sociais, intelectuais, culturais e emocionais para o que necesitan recibir unha educación adaptada ás súas necesidades.

Para acadar este obxectivo faise necesario un seguemento continuado do alumnado por parte do D.O. e organizar aquelas medidas de apoio educativo correspondentes.

12.10.2.- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

Para a identificación e valoración das necesidades seguirase o seguinte proceso:

- Recollida da información de datos e informes presentados no momento da matrícula.
- Recollida de datos familiares e persoais do cuestionario familiar de 3 anos.
- Primeiras valoracións do Equipo Docente especialmente na 1ª avaliación e seguintes.
- Valoracións de nivel de competencia, por parte da Orientadora, de alumnos/as que precisen medidas de atención educativa individualizada.
- Entrevistas con titores/as e outros docentes do alumno/a obxecto de atención.
- Entrevistas familiares.
- Avaliacións psicodiagnósticas, se é solicitado ou se considerase necesario para unha mellora das aprendizaxes.
- Avaliación psicodiagnósticas para elaboracións de ACs.
- Contactos con especialistas externos: médicos, logopedas, educadores sociais.

12.10.3.- DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.

- Potenciar a elaboración e aplicación dun Proxecto Educativo inclusivo que recolla medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares facilitadoras da atención á diversidade do conxunto do alumnado.
- Contribuír á identificación e detección temperá das dificultades de aprendizaxe.
- Optimizar a atención educativa, potenciando a inclusión educativa e a adaptación escolar.
- Concibir a avaliación psicopedagóxica como un recurso orientado a mellorar a calidade da educación en igualdade, mediante a súa contribución á detección de dificultades de aprendizaxe ou de altas capacidades e a posta en marcha das medidas educativas correspondentes.
- Mellorar o proceso de elaboración de programas de compensación educativa: adaptacións curriculares, reforzo e apoio escolar; permitindo así unha atención axustada ás necesidades educativas do alumnado destinatario das mesmas.

- Atender a resposta educativa do alumnado en situación de desvantaxe socioeducativa ou ao que se atope en situación complexa ou problemática.
- Coordinar actuacións con servizos e axentes externos (EOE, Saúde, Servizos Sociais, etc.).
- Colaborar e coordinar actuacións coas familias do alumnado destinatario das medidas de atención á diversidade.

12.10.4.- DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Toda actuación educativa no centro ten como base de referencia o concepto de atención á diversidade.

As medidas que imos a adoptar para que cada alumno acade o máximo desenvolvemento das súas capacidades son:

- ORDINARIAS:
 - Adecuación da organización da aula adaptada ás características e idade dos alumnos/as.
 - Adecuación das programacións ao contorno do alumnado tendo en conta a súa procedencia e ámbito cultural.
 - Uso de metodoloxías baseadas no traballo cooperativo: titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, participación en celebracións, traballos grupais, lecturas e representacións para outros compañeiros/as.
 - Adaptación do tempo e procedemento de avaliación, se fose necesario.
 - Desdoblamento de grupos. Isto levarase a cabo este curso en 6º de E.P. na área de Lingua Estranxeira-Inglés.
 - Reforzo Educativo do Profesorado con dispoñibilidade horaria.
 - Programas de enriquecemento curricular.
 - Programas de reforzo en áreas instrumentais básicas. Aplicarase, sobre todo, con alumnos/as do 3º Ciclo de E.P.
 - Programas de Recuperación. Aplicaranse principalmente despois de cada avaliación.
 - Programas Específicos personalizados. Alumnos/as con disgrafías, dislalias e ACs.

- Programas de Habilidades Sociais. Desenvolveranse en todos os grupos por parte dos titores/as e especialmente nos grupos de 5 anos e 5º e 6º de E.P, coa colaboración da Profesora especialista de AL e a Orientadora.
- EXTRAORDINARIAS:
 - Adaptacións Curriculares. Neste momento no Centro desenvólvense dúas.
 - Apoio das especialistas en AL e PT.
 - Flexibilización do período de escolarización.

12.10.5.- DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

A organización das medidas de Apoio, así como o número de sesións, terá en conta a continuidade e a prevención, e estará en función de factores tales como:

- Existencia de informes e certificados que indiquen unha necesidade educativa.
- Importancia da alteración, valoración realizada polo DO.
- Idade do alumno/a, unha dificultade ten diferente consideración segundo a idade en que se presente.
- Desfase curricular, priorización de alumnado con ACs.
- Variables circunstanciais:
 - Número de alumnos/as con alteracións (no centro, na aula,...)
 - Número de horas de atención ao alumno/a por parte de todos os Mestres/as que interactúan con el: profesorado de AL, PT e profesorado de Apoio.

As diferentes actuacións e intervencións levaranse a cabo no momento que se presenten.

12.10.6.- CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

A profesora especialista de AL apoia directamente nas aulas de E. Infantil impartindo un Obradoiro de Expresión Oral. Realiza apoio nas aulas de 5º de E.P. dúas sesións semanais en cada para potenciar: aspectos lingüísticos, sociais, técnicas de estudo e achegamento as TICs. Completa o horario lectivo con apoio á aula de 3ºA, cunha sesión quincenal nas Novas Tecnoloxías.

A profesora especialista de PT imparte todas as sesións de docencia na propia aula de PT. Dentro do horario atende a alumnos/as de ACs e outros con importante desfase curricular. Completa o horario lectivo con apoio quincenal á aula de 2ºA en Novas tecnoloxías.

As mestras de Apoio de E. Infantil reforzan dentro das propias aulas cun horario organizado segundo o grao de necesidades educativas do alumnado, do grupo en xeral e da ratio.

Os mestres/as de E.P. que teñen dispoñibilidade horaria reforzarán a grupos de Primaria, que non sexa o seu propio, priorizando o 1º Ciclo e o número de alumnos/as con dificultades de aprendizaxe nun determinado grupo

Na área de Lingua Estranxeira-Inglés, no nivel de 6º de E.P. traballarase unha sesión semanal con desdobramento, que será atendido pola profesora de Ling. Inglesa e pola profesora titora de 1ºA, especialista en Ling.Inglesa.

Un alumno/a de ACs de 2º de Primaria, recibirá unha sesión semanal individualizada de Ling. Inglesa.

12.10.7.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO ENTRE ETAPAS EDUCATIVAS E O CENTRO ADSCRITO.

- A Coodinación dos distintos docentes concrétase en reunións de C.C.P., de D.O., de Equipos de Ciclo e Sesións de Avaliación.
- A orientadora manterá reunións, planificadas previamente ao longo de cada mes con mestras especialistas de AL e PT, mestras de Apoio de E. Infantil, con Titores/as e con Xefatura de Estudos.
- Coordinación no mes de setembro entre as profesoras de 5 anos do curso anterior e as Titoras do 1º nivel de E.P., coa asistencia da Orientadora e Xefa de Estudos.
- Asistencia da Orientadora ás reunións do DO do IES "Antón Losada Diéguez".
- A principio do curso mantense unha reunión de titores/as de 6º de E.P. do curso anterior co Equipo Docente de 1º de ESO do IES. Asisten tamén os orientadores de cada centro.

12.10.8.- CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS DIFERENTES SERVICIOS EXTERNOS AO CENTRO.

- Reunións xerais de principio de curso con titores/as e equipos docentes.
- Unha hora de titoría, martes ás 17 horas.
- A orientadora ten reunións con familias en diferentes horarios, sempre que llo soliciten.
- As profesoras especialistas de AL e PT, atenderán ás familias, que o soliciten, tendo en conta a súa dispoñibilidade horaria.
- Os servizos externos comunícanse de xeito ordinario coa Orientadora, pero tamén é habitual que o fagan co resto do profesorado e coa Xefatura de Estudos.

12.10.9.- PROTOCOLOS PARA SOLICITUDE E /OU AUTORIZACIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

➤ Elaboración de ACs:

No caso de que un alumno/a presente dificultades, ven sexa por discapacidade psíquica, física ou por historial educativo, para poder seguir a totalidade das aprendizaxes dos contidos referentes ao Ciclo que lle corresponde pola súa idade, valorarase a posibilidade da realización dunha ACs. naquelas áreas nas que presente o desfase curricular.

Para levar a cabo unha ACs.:

- O profesor/a titor/a e equipo docente que imparte no grupo do alumno/a, valorará, partindo do seu nivel de competencia curricular, as necesidades educativas de dito alumno/a.
- O profesor/a titor/a cumprimentará a solicitude impresa de valoración do alumno/a pola Orientadora do Centro.
- A Orientadora realizará unha Avaliación Psicopedagóxica.
- Reunión da orientadora, titor/a, Mestres/as, profesoras de P.T. e A.L.
- O documento de ACs será elaborado polo titor/a e Mestres/as que impartan as áreas con necesidade de adaptación, coa colaboración da orientadora e profesoras especialistas en P.T e A.L.
- A dirección do Centro enviará á solicitude á Inspección Educativa acompañada polo documento de ACs unido ao informe psicopedagóxico da orientadora.
- A inspección educativa enviará ao Centro a resposta á Solicitude, aceptando ou denegando.
- Para proceder a unha avaliación psicopedagóxica por parte da orientadora será necesario:
 1. Que o profesor/a cumplimente unha solicitude impresa sobre as necesidades educativas ou características que observa no alumno/a.
 2. Unha entrevista coa familia do alumno/a para que sexa coñecedora e de a súa conformidade para realizar dita avaliación.

➤ Atención Educativa de Profesoras Especialistas de AL e PT.

Cando un profesor/a observe dificultades de aprendizaxe nun alumno/a, informará á Orientadora, a que iniciará o proceso da valoración da súa competencia curricular e circunstancias persoais. Se fose necesario e previa entrevista coas familias realizarase unha avaliación psicopedagóxica.

- Flexibilización de Permanencia na Educación Infantil e na Educación Primaria.
 - Educación Infantil.
Poderase aumentar excepcionalmente nun ano.
 - Educación Primaria.
Poderase aumentar excepcionalmente nun ano.

12.10.10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

Cada curso escolar haberá unha avaliación continua do conxunto de actuacións que se incluíron no Plan Anual de Centro. Este seguimento terá un carácter formativo, permitindo reorientar aquelas medidas que non dean os resultados esperados. Así mesmo, é necesaria tamén unha avaliación final co obxecto de pór en marcha as correspondentes propostas de mellora para o curso seguinte. Entre os procedementos e instrumentos a utilizar para levar a cabo este seguimento e avaliación, destacamos os seguintes:

- Reunións de coordinación e asesoramento.
- Cuestionarios para o profesorado, os alumnos//as e as familias.
- Análise dos resultados escolares obtidos polo alumnado destinatario das medidas de atención á diversidade: haberá que valorar tanto os resultados académicos, como aspectos socioafectivos, comportamentais, de integración, motivación.
- Resultados da avaliación de diagnóstico.
- Entrevistas co profesorado, os alumnos/as e as súas familias.
- Observación dos procesos de ensino e aprendizaxe.
- Análise do clima de convivencia no Centro.
- Memorias finais. Nestas, ademais de valorar as actuacións desenvolvidas deberán incluír propostas de mellora para o seguinte curso escolar.

13. OBRADOIRO DE EXPRESIÓN ORAL EN EDUCACIÓN INFANTIL

13.1.- XUSTIFICACIÓN

Este obradoiro propónse como un tipo de intervención preventiva e estimuladora de posibles alteracións lingüísticas, un elemento dinamizador do desenvolvemento da linguaxe e das capacidades cognitivas do neno/a. Está pensado como un reforzo á estimulación da linguaxe oral que xa realizan as mestras de EI na aula ordinaria.

Neste curso a atención aos alumnos/as con NEE permanentes ou temporais, seguindo a orde de prioridades establecida polo Departamento de Orientación no PXA permítenos realizar este obradoiro en sesións de $\frac{1}{2}$ hora semanal en todas as aulas de EI, como vimos facendo os últimos cursos no noso centro.

Actualmente vense dando unha maior incidencia de alteracións da linguaxe en idades temperás, entre outras causas polas respostas que a escola concede á diversidade.

Este obradoiro de prevención está orientado a impedir o desenvolvemento de condutas lingüísticas problemáticas e a promover características funcionais que facilitan a "non" aparición de posibles alteracións. Ademais coa intervención estimuladora da linguaxe oral contribuímos ao desenvolvemento das capacidades necesarias para a lectura e tamén favorecemos a consecución de determinados obxectivos globais útiles para toda a poboación e facilitadores de futuras aprendizaxes.

Este obradoiro de prevención estimuladora lingüística está realizado para que se traballe dentro da aula. Vai dirixido aos niveis de Educación Infantil xa que durante estes anos prodúcese nos nenos/as un desenvolvemento moi rápido da linguaxe.

Nas sesións propostas realizaranse exercicios destinados á estimulación das coordinacións motrices dos órganos fonoarticulatorios, a facilitar o recoñecemento dos estímulos auditivos en idades nas que o desenvolvemento neurolóxico e psicomotor do neno/a non está rematado, tendo en conta que unha das nosas funcións é estimular o desenvolvemento da linguaxe. Ademais ao programar actividades de expresión corporal, mímica, ritmo, escoita-resposta, preguntas, etc. favorecemos a formación integral dos nenos/as. Todas estas actividades aportan un elemento motivador e lúdico necesario para crear un ambiente agradable e facilitador de novas aprendizaxes (utilizando como centro de interese OS CONTOS).

Neste obradoiro non tratamos de corrixir senón de preparar o neno/a para que os erros articulatorios normais nas idades que estamos a falar sigan un proceso de recuperación espontáneo e axeitado, ademais obteremos datos sobre patoloxías que xurdan nas aulas tratándoas dende as primeiras idades.

13.2.- OBXECTIVOS

- Previr posibles alteracións lingüísticas:
 - Potenciar os mecanismos básicos da linguaxe: audición, voz e articulación.
 - Fomentar a adquisición das dimensións da linguaxe: forma, contido e uso.
- Estimular o desenvolvemento comunicativo na poboación escolar:
 - Favorecer o desenvolvemento dos procesos de comprensión e produción lingüística.
 - Desenvolver as dimensións da linguaxe: forma, contido e uso.
 - Desenvolver o programa "Hora de ler":
 - ❖ Mellorar as habilidades sociais
 - ❖ Resover as dificultades reflexionando sobre elas, buscando alternativas e descubrindo a aplicación práctica e a xeneralización a outras situacións.

- ❖ Averiguar algunhas actitudes e comportamentos que nos facilitan ou dificultan as nosas relacións coas outras persoas.

13.3.- CONTIDOS

- Discriminación auditiva de ruídos, sons e fonemas.
- Asociación de estímulos auditivos e visuais.
- Respiración, soplo e relaxación.
- Habilidade motora de linguaxe e beizos.
- Aspectos prosódicos: entoación e ritmo
- Dimensións da linguaxe:
 - Forma:
 - Fonoloxía: vocalización e adquisición do sistema fonolóxico.
 - Sintaxe: aumento da lonxitude e complexidade da frase, organización de enunciados.
 - Contido:
 - Amplitude de vocabulario (partindo do máis cercano e cotián).
 - Establecemento de categorías semánticas.
 - Relacións de significado.
 - Uso:
 - Adquisición e uso das funcións da linguaxe e da comunicación.
 - Competencia conversacional.
- Procesos cognitivos e lingüísticos:
 - Sensación e percepción auditiva e kinestésica.
 - Percepción corporal, espacial e temporal.
 - Memoria auditiva e visual.
 - Asociación visual e clasificación.
 - Enumeración, descrición e interpretación.
 - Simbolización e conceptualización.

13.4.- METODOLOXÍA

As sesións realizaranse nun ambiente lúdico e participativo, tratamos de que o neno/a desenvolva a súa expresión oral. As actividades que se propoñan serán curtas, variadas e partirán da lectura dun conto. Mediante a lectura de contos traballaremos de xeito globalizado aspectos como: a atención, memoria (auditiva e visual), repaso e ampliación de vocabulario, secuencias temporais, onomatopeias (calquera son que tentemos imitar traballa a psicomotricidade bucofonatoria e a percepción auditiva), respecto ao turno de palabra cando teñamos que lembrar ou aportar algunha información ...

O xogo e a participación como procedementos metodolóxicos:

Partimos da concepción da linguaxe como comunicación e do xogo como estratexia de intervención e elemento motivador. A motivación é un dos elementos máis importantes: habería que pasalo ben dende o primeiro momento e as actividades terían que ser lúdicas, activas e motivadoras.

O xogo constitúe un fin en sí mesmo, un mundo aparte donde o individuo é capaz de representar o seu rol, interaccionar eficazmente consigo mesmo e co que lle rodea, sentir pracer e expresar os seus máis profundos sentimentos e emocións.

O xogo adquire na infancia un valor psicopedagóxico evidente sendo a fonte máis importante de progreso e aprendizaxe. A través do xogo desenvólvense unha serie de aspectos cognitivos; o xogo estimula a memoria, a atención e o rendemento, fomenta a superación do egocentrismo cognitivo, desenvolve a imaxinación e a realidade, estimula a construción da realidade e desenvolve a linguaxe.

O mundo do xogo é o medio natural dos nenos/as para o desenvolvemento persoal e a aprendizaxe positiva. Os pequenos son os mestres deste reino máxico, son os que máis xogan e os que máis influídos están polo xogo. O seu xogo é simultaneamente unha importante tarefa e unha pura diversión.

Xogos da linguaxe

O xogo lingüístico como instrumento didáctico é un medio privilexiado para a comunicación oral e escrita.

Mediante el a lingua úsase de forma reflexiva regulada e desinhibida, permitindo que o alumno/a active unha serie de coñecementos previos que posúe sobre el, os contidos, relacionándoos entre sí, facilitando as aprendizaxes significativas.

Os xogos adaptados a estes niveis posibilitan a aprendizaxe dos contidos básicos da lingua dunha forma global ou duns determinados conceptos ou compoñentes lingüísticos (fonoloxía, semántica, sintaxe e pragmática) e, ao mesmo tempo, incorporan a utilización de diversas tarefas cognitivas (asociación, clasificación, análise, síntese, elaboración de esquemas, selección de información...). Ademais, desenvolven unha serie de actitudes no alumno/a:

- ✓ Aprender a escoitar de forma activa e comprensiva.
- ✓ Respetar os turnos de palabra, as intervencións e as ideas dos demais compañeiros/as.
- ✓ Potenciar a participación e a explicación de ideas.
- ✓ Propiciar o gusto polos xogos de palabras e valorar a súa reflexión.
- ✓ Interesarse polos novos coñecementos e pola ampliación de vocabulario.
- ✓ Valorar a observación e a experimentación no funcionamento da linguaxe.

Os exercicios práticos son múltiples. Seleccionamos aqueles que consideramos máis importantes e ao mesmo tempo suficientes para que o neno/a, en primeiro lugar, tome conciencia dos seus órganos fonoarticulatorios e, en segundo lugar, axilidade e dominio sobre os mesmos.

En canto á estimulación das percepcións auditivas, preséntase dividida en apartados:

- ✓ Percepcións de sons e rúidos, así como as súas características fundamentais.
- ✓ Percepcións de sons articulados.
- ✓ Audicións musicais: música clásica, música de relaxación, cancións de contos populares
...
- ✓ Todo o traballo de discriminación auditiva farase sempre de costas ao neno/a ou coa boca tapada, a unha distancia prudencial.
- ✓ Por último dicir que o ritmo do programa imporano os nenos/as. Non se plantexa como obxectivo chegar ao final, senón progresar cada día con respecto á actividade do día anterior.

13.5.- ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES

- Actividades corporais e de desenvolvemento cognitivo.

- Relaxación
 - a) individual
 - Relaxación activa
 - Relaxación pasiva
 - b) colectiva
- Sensación e percepción corporal
- Imitación ritmo e movemento
- Expresión corporal
- Actividades de audición e voz
 - Discriminación auditiva
 - Respiración e soplo
 - Habilidades motoras de beizos, lingua e paladar
 - Voz
- Actividades de linguaxe oral e comunicación
 - Aspectos prosódicos da linguaxe
 - Combinacións de articulación dinámica
 - Códigos distorsionados
 - Desenvolvemento sintáctico
 - Desenvolvemento semántico
 - Uso funcional da linguaxe: pragmática, expresión e creatividade no discurso.

13.6.- MATERIAIS

- Contos:
 - "O coelliño branco" Ed. KalandraKa
 - "A que sabe a lúa?" Ed. Kalandraka
 - "A princesa do caurel" Ed. OQO editora
 - Colección "Cuenta contigo" Ed. CEPE:
 - "Elena y el camino azul"
 - "Personas de colores"
 - "Preparándome para ir de cumpleaños"
 - "La gymkana de las emociones"

- ¡Así no se juega!
- "Hacer amigos"
- "Xogando cos sons". Programa para a prevención e intervención das dificultades articulatorias. Ed. Xerais
- BITS:
 - Bits de arte. 4anos Ed. SM
 - Bits de intelixencia. 4anos . Ed. SM
 - Bits Everest de intelixencia. Ed. Everest
 - Tarjetas de estimulación visual. Ed. Anaya
- Libro de trabalinguas, adiviñas,... "Ríe que ríe" Ed. Susaeta
- Cántame una canción. Ed. Susaeta
- Cuéntame un cuento. Ed. Susaeta
- CDs: "Os paiasos",... (Cancións populares e tradicionais para traballar a audición, esquema corporal,...)

NOTA: Sempre aproveitamos as "celebracións" e actividades de aula ordinaria para utilizar contos, audicións relacionadas coa temática da celebración e da aula ordinaria así como outros recursos do medio no que nos desenvolvemos.

13.7.- AVALIACIÓN DO OBRADOIRO

Realizaremos unha avaliación *continua* a través da *observación directa*, salientando nun rexistro os aspectos que se aparten da norma, para aumentar, suprimir ou variar algún dos obxectivos propostos nun primeiro momento, así como as estratexias, a metodoloxía, ...

A avaliación iranos dando as pautas sobre aqueles aspectos do obradoiro nos que debemos insistir e sobre os nenos/as que non van acadando os obxectivos plantexados coa intención de ofrecerlle a atención individualizada necesaria nas primeiras idades escolares.

Rexistramos os obxectivos nos boletíns trimestrais de aula. Os obxectivos son os seguintes, iguais para todos os niveis, tratándoos con distinto grao de consecución:

1. escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...
2. Gusta de participar en xogos lingüísticos "encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas, onomatopeias..." acompañados de respostas corporais.
3. Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.
4. Gusta de participar e compartir en incipientes faladoiros literarios.

13.8.- CONCLUSIÓN

Como podemos observar, este Obradoiro de Expresión Oral supón a concepción da linguaxe como comunicación, o recoñecemento da aula como o mellor espazo para crear ambientes comunicativos-lúdicos que desenvolvan a linguaxe, os contos e o xogo como estratexias de intervención e elementos motivadores... é dicir, especifica e reforza obxectivos e contidos que aparecen contemplados no currículo de Educación Infantil (área de comunicación e representación).

14.- PLAN ANUAL DE BIBLIOTECA ESCOLAR

A) PLAN DE ACTUACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR (2011-2012)

Durante o presente curso o equipo de BE estará formado polo seguinte equipo de mestres e mestras que traballarán en horas de dinamización segundo o acordo de claustro. A responsable conta cunha dispoñibilidade horaria de catro horas e as persoas do equipo con dúas sesións, agás no caso de M^a Jesús Saborido Castro que pertence a TICs e colabora coa BE na publicación e edición do BLOG.

- María José Albela Silva.
- M^a Carmen Carbia Fojo.
- M^a Saludina Carril Rodríguez.
- Rosa María Luna Sanmartín.
- Isabel Novás Ferrín.
- Constantino Regueira Paz.
- M^a Dolores Ríos Valiñas.
- M^a Jesús Saborido Castro.
- María Troitiño Cachafeiro.
- María Troitiño Goldar.
- María Montserrat Uzal Puente (Responsable).

Ademais todo o claustro participa nas actividades de dinamización e fomento de lectura que emprende a biblioteca.

A.1.- OBXECTIVOS

Os obxectivos para o vindeiro curso veñen determinados pola continuación do noso centro no plan de mellora convocado pola Xunta e do cal formamos parte dende o curso

2008-2009. O traballo virá marcado pola posta en funcionamento de todas as actividades que dependen dela. Os obxectivos que orientan o noso traballo son:

- Favorecer a aprendizaxe autónoma do alumnado potenciando a lectura comprensiva dende todas as áreas e poñendo ao alcance de toda a comunidade educativa os recursos cos que conta a biblioteca.
- Favorecer a integración das TICs no currículo escolar.
- Desenvolver as habilidades necesarias para localizar, procesar e usar a información de maneira adecuada e partindo de diferentes fontes.
- Crear e fomentar no alumnado o hábito e o gusto por ler e aprender e por empregar as bibliotecas ao longo da súa vida.
- Achegar e dar a coñecer os recursos da biblioteca a toda comunidade educativa.
- Facer o seguimento do desenvolvemento do Plan Lector.
- Fomentar unha aprendizaxe activa con traballos en equipo e propiciando o intercambio de experiencias que redunden nunha boa convivencia no centro.
- Desenvolver a súa xestión ao longo do curso .

A.2.- ACTUACIÓNS.

A.2.1.- XESTIÓN E ORGANIZACIÓN.

- Poñer en funcionamento todas as actividades previstas: empréstimo, horarios de utilización, lotes de fondos para aulas, mochilas viaxeiras, concursos, etc.
- Continuar a informatización dos fondos.
- Conseguir que a automatización do préstamo sexa xestionada por todos os mestres/as.
- Desenvolver o Proxecto Lector do centro.
- Elaborar e difundir boletíns da biblioteca con informacións sobre ela ou con guías de lectura.
- Preparación e distribución dos materiais solicitados dende os distintos ciclos, niveis e aulas.
- Seleccionar e adquirir os materiais necesarios para o desenvolvemento de distintas actuacións.
- Catalogar e rexistrar as novas adquisicións.

- Continuar a sinalización dos fondos e poñer ao alcance de todos aqueles que aínda non o están.
- Colaborar co desenvolvemento do proxecto ARCE.

A.2.2.- DINAMIZACIÓN.

- Desenvolver o plan de Formación de Usuarios.
- Levar adiante un programa de Educación Documental.
- Celebración de datas significativas coma o día do Libro con programas deseñados para as mesmas.
- Organizar encontros con autores, ilustradores, contacontos, saídas ao teatro, etc.
- Continuar a campaña TODOS A LER.
- Desenvolver o proxecto documental co título de "Contábase e cóntase, cantábase e cántase, xogábase e xógase" co cal o centro participa nun Proxecto ARCE. Este proxecto implica a todo o centro e favorece a aprendizaxe autónoma e a utilización das TICS.

A.2.3.- FUNCIONES.

- Empréstimo dentro do horario escolar a cada grupo-clase, ou da forma que máis favoreza aos grupos.
- Apertura no recreo.
- Apertura en horario extraescolar de 16:00 a 18:00 horas.
- Actividades propias de animación á lectura.
- Préstamos a departamentos, aulas e ciclos.
- Uso da biblioteca por parte do profesorado no horario libre de préstamo previa petición.
- Recoller propostas que cheguen dende calquera ámbito da comunidade educativa.
- Desenvolver o Proxecto Lector de centro e facer unha avaliación do seu funcionamento.

B) PLAN ANUAL DE LECTURA.- ACTUALIZACIÓN ANUAL DO PLAN LECTOR

- OBXECTIVOS:

—

- Fomentar o hábito da lectura.
 - Desenvolver a competencia lectora (comprensión lectora).
 - Favorecer e potenciar o uso da B.E. e de aula no traballo diario.
 - Estimular a autoestima e coñecer os gustos e preferencias dos alumnos/as.
 - Educar no uso crítico da información.
 - Favorecer o uso das TICs.
- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS:
 - Cada grupo disporá dunha hora fixa semanal para emprego da biblioteca para os fins que o titor/a considere oportunos. Neste tempo efectuarase tamén o préstamo.
 - Calquera mestre/a pode solicitar o uso da biblioteca cando non é utilizada por outros grupos.
 - LEMOS: 20', todo o centro, unha vez á semana, na 4ª sesión despois do recreo en Ed. Primaria e integrada no proxecto da profesora de A.L -María Luisa Baamonde- en Ed. Infantil.
 - Aula de informática: para aqueles traballos que precisan de soporte informático ou da pantalla dixital. Cada mestre/a solicítalo cando o precisa.
 - Na aula: alomenos media hora adicada á lectura con diferentes fins e dende calquera área.
 - Biblioteca no recreo para quen a queira empregar, respectando as normas establecidas para ese tempo.
 - Salón multiusos: actividades para grupos grandes (teatro, contacontos,etc.) .
 - Biblioteca: para actividades de contacontos, conferencias, clubs de lectura ou calquera outra actividade que o requira.
 - DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR
 - Funciona como centro de recursos. Nela atópase todo o material informático que pode empregarse para os traballos escolares e para o tratamento e fomento da lectura (libros, revistas, vídeos, discos CD-ROM, mapas, materiais de elaboración propia,...)
 - Organiza encontros con autores ou ilustradores: Con anterioridade á visita, lese un libro e realízanse diversos traballos sobre o mesmo.
 - Sesións de contacontos: Polo xeral con grupos de menos de 50 alumnos/as.

- Boletín da biblioteca: dous ao ano: Nadal e xuño. Van dirixidos as familias falando da importancia da lectura e suxeríndolles títulos recomendados por ciclos.
 - Xestión: compra, expurgo, informatización, etc.
 - Préstamo (automatizado) para un período máximo de 15 días.
 - Mochilas viaxeiras: alumnos/as de E. Infantil, 1º e 2º ciclo de Ed. Primaria. Unha elaborada pola BE, para o terceiro ciclo.
 - Clubes de lectura: Para o terceiro ciclo.
 - Conmemoracións arredor dun tema: Nadal, entroido, magosto. A biblioteca facilítalles aos diferentes cursos os materiais que solicitan para informarse sobre os temas tratados. O entroido tentamos que teña relación co proxecto documental que se desenvolva.
 - Datas concretas: día da biblioteca, día do libro, Letras Galegas, etc. Exposicións de libros en torno a un autor ou tema, lecturas duns alumnos/as a outros, recitacións, exposicións das súas producións literarias ou plásticas.
 - Guías de lectura arredor dun tema concreto.
 - Apoio ao proxecto documental que se desenvolve en todo o centro. No curso actual o tema será o presentado no ARCE.. Tamén outros proxectos que se desenvolvan nun ciclo, curso ou grupo.
 - Edición de materiais para formación de usuarios, formación documental e tamén dos libros creados polos alumnos/as.
 - Préstamo ás aulas ou titorías do material que precisen durante o tempo necesario.
- RUTINAS DE LECTURA
 - ✓ NA AULA: O grupo docente certifica que cada día se adican máis de trinta minutos ao traballo coa lectura no conxunto de todas as áreas.
 - ✓ TODOS A LER: En Educación Primaria unha vez á semana durante 20'. Este ano farase na cuarta sesión despois do recreo. É un mestre/a o que le en voz alta para os alumnos/as. Tamén pode ser un alumno/a ou cada quen traer o que queira para ler. Poden ler calquer tipo de texto. Non se pide nada a cambio. Só se alguén quere contar ou sinalar algo pódoo facer. En Educación Infantil, a hora de ler é desenvolvida pola mestra de Audición e Linguaxe (M^a Luisa Baamonde Paz) que desenvolve nesta etapa un taller de expresión oral e

considera que pode convir aos obxectivos que ten plantexados. A hora de ler é por conta allea e a profesora leva un rexistro das actividades planificadas.

- ✓ LECTURA SILENCIOSA: Farase de xeito individual sobre temas de ficción ou informativos.
- ✓ LECTURA COLECTIVA: Todos len o mesmo texto. En algúns cursos faise todos os días noutros só unha ou dúas horas á semana. Implica traballo co texto antes, durante e despois da lectura.

❖ NA BIBLIOTECA:

➤ HORA DE BIBLIOTECA: Todos os cursos teñen unha hora semanal na que poden facer uso da biblioteca. Nese tempo:

- Préstamo: É voluntario e cada neno/a elixe o material que desexa levar.
- Búsqueda de información sobre un tema concreto.
- Lectura libre: Cadaquén colle o libro que prefira e le individualmente.
- Presentación de novidades: Colocados nun expositor, o mestre/a fai a presentación dunha das obras. Logo os alumnos/as poden manipular o texto para coñecelo.

❖ OUTROS:

- CONTACONTOS: Organizados por ciclos ou idades para animar a ler.
- ENCONTROS CON AUTORES: Trabállase sobre un libro elixido do autor/a ou sobre a súa obra. Prepárase a actividade cos alumnos/as para que o achegamento o autor resulte máis cercano e proveitoso para os nenos/as.
- Exposicións por distintos motivos: concursos, presentación de fondos, etc.
- COA FAMILIA: Mochilas viaxeiras. Invitación á exposición de libros que se fai antes do Nadal e que soe estar aberta ás familias durante unha semana. Concursos nos que colaboran. Guías de lectura.

- RECURSOS HUMANOS:
 - ✓ OS MESTRES/AS: Todo o profesorado participa nas diferentes actividades programadas arredor da lectura.
 - ✓ O EQUIPO DA BIBLIOTECA: Organiza, diseña e apoia o desenvolvemento de actividades a prol da lectura.

- ITINERARIOS LECTORES

ETAPA / NIVEL	TÍTULO	AUTOR	EDITORIAL
EDUCACION INFANTIL	Co dedo no nariz	Daniela Kulot	Kalandraka
	<u>Chibos-Chibóns</u>	Olalla González	Kalandraka
	Unha eiruga moi larpeira i Que lería de cordóns !	Eric Carle Pilar Martínez	Kalandraka Kalandraka
	A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza	Werner Holzwarth	Kalandraka
	O monstro de Ricardo	JuliaSan Miguel	Kalandraka
	O coelliño branco	Xosé Ballesteros	Kalandraka
	Pasiño	Sisan James	Kalandraka
	Blobló	Rai Bueno	Kalandraka
	O pito Cairo	Helle Thomassen	Kalandraka
	Tento	Ricardo	Edelvives
	Os Bolechas	Pepe Carreiro	A Nosa Terra
	Elmer	David Mckee	Ed. Xerais
	Alex....	Hanne Türk	Everest
	Gruñi ...	Montse Ginesta	Anaya
	Clásicos (Blancanieves, Cenicienta etc)	Varios	Combel
	A que sabe a lúa	Michael Grejniev	Kalandraka
	i Ven aquí, Daisy!	Jane Simons	Beascoa
	Un globo vermello	Iela Mari	Kalandraka
	Se eu fose moi delgado	Antonio Mota	Kalandraka
	El osito polar y el arco iris	M. Butterfield	Lx Team
	Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis	Chema Heras	Kalandraka
	A merliña	Antonio Rubio	Kalandraka
	Macario dromedario	Rachel Chaundler	OQO

	Cabaliño alado (varias series)	Varios	Combel
	Contos en cantos	Almudena Janeiro	OQO
1º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA	Álbumes ilustrados	Kalandraka/OQO	Fondos BE
	Rimas con letra	Gloria Sánchez	Ed, Xerais
	Lilí...	Dominique de Saint Mars	Ed. Galaxia
	Los fantasmas buscan casa	Rocío Antón y Lola Núñez	Edelvives
	Sapo y Sepo (varios)	Arnold Lobel	Alfaguara
	Osito (varios)	Else Holmelund	Alfaguara
	La pata Paca	Ricardo	Edebé
	Os Bolechas	Pepe Carreiro	A Nosa Terra
	Gago por merenda	Xan López Domínguez	Edebé -Rodeira
	O ogro cheirento	Xoán Babarro	Combel
	Dóeme a lingua	Margarita Mairé	Edebé-Rodeira
	El bosque es de todos	Albert Pallarés	Edebé
	Una montaña para Pancho	Margarita Mainé	Edebé
	Colección SM saber	Libros consulta	S.M
	La ratita presumida	José Manuel Ballesteros	Everest
2º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA	Teatro feroz	Gloria Sánchez	Galaxia
	Os sonhos na gaiola	Manuel María	Ed. Xerais
	Ota quere voar	Anxela Fernández Loureiro	Ed. Xerais
	O estanque dos parrulos pobres	Fina Casalderrey	Edebé
	Mi hermana Clara y la bicicleta	Dimiter Inkiow	Everest
	Cipi	Mario Lodi	Alfaguara
	Susi y Paul (dos títulos)	Christine Nöstlinger	SM
	El gran amor de una gallina.	Concha López.	Ed. Anaya.
	El superzorro	Rodald Dalh	Alfaguara

	La tabla de multiplicar en verso	Gloria Fuertes	Susaeta
	A selva dos números	Ricardo Gómez	Alfaguara
	La cabaña en el árbol	Gillian Cross	Alfaguara
	Todo Mortadelo y Filemón	F. Ibañez	Ediciones B
	Memorias de una gallina	Concha López	Ed. Anaya
	Un saquiño de contos	Varios	Ed. Xerais
	Don Quijote de la Mancha	Adaptación	Vicens Vives
<u>3º CICLO</u> <u>EDUCACIÓN</u> <u>PRIMARIA</u>	Cuentos para jugar	Gianni Rodari	Alfaguara
	delundodododndo	Ann Cameron	Alfaguara
	Palabras de caramelo	Gonzalo Moure	Ed. Xerais
	La masía encantada	Lola Herrero	Dylar
	La casa de las 4 chimeneas	Juana Aurora Mayoral	Dylar
	Álvaro e Álvaro	Xosé Miranda Ruíz	Ed.Xerais
	El día en el que	Daniel Nesquens	Oxford
	As aventuras de Tintín	Hergé	Juventud
	Ás de moscas para Anxo	Fina Casalderrey	E. Galaxia
	O misterio dos fillos de lúa	Fina Casalderrey	S M
	Teatro Feroz	Gloria Sánchez	E.Galaxia
	Locos por el fútbol	Fanny Joly	Edelvives
	O anael	Manolo Uhia	E. Casals
	A noite da raíña Berenguela	Xosé A. Neira Cruz	Planeta - Oxford

- ITINERARIOS LECTORES - L. INGLESA

ETAPA	NIVEL	TÍTULO
EDUCACIÓN INFANTIL	3 anos	Little fish and Big fish
	4 anos	Three billy goats.
	5 anos	Three Little pigs
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º curso	Collin's Colours
		Is it a butterfly?
	2º curso	Pip, the pirate
		Is it a frog?
	3º curso	At the zoo
		Goldilocks and the three bears
	4º curso	The very hungry caterpillar
		The three little pigs
	5º curso	Volcanoes
		The legend of Batok Volcano
	6º curso	London . A day in the city
		Where people live?

- ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS

Actividades	periodicidade	materiais
Contacontos	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros
Encontros con autores	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros
Presentación de novidades	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar
Lectura compartida	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar e persoais
Exposicións temáticas	Puntuais	Fondos da biblioteca escolar e outros
Visita guiada á biblioteca	Puntual	Fondos da biblioteca escolar

Visita a outras bibliotecas	Puntual	Fondos dotras bibliotecas
Celebracións (día do libro, da paz, letras galegas...)	Puntuais	Fondos da biblioteca, editoriais, outros, etc...
Todos a ler (le un adulto en voz alta)	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar e persoais
Lectura silenciosa e individual	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar, persoais, maletas viaxeiras, exposicións, internet
Seleccionar títulos para a biblioteca	Sistemática	Catálogos de editoriais, outros
Elaborar murais	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros
Búsqueda de información en libros informativos (enciclopedias, periódicos...)	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar, outros, internet
Traballos sobre un tema	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros
Ler para comprender	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar, persoais e outros
Posta en escena (teatro, poesía...)	Puntual	Fondos da biblioteca escolar, persoais e outros
Identificar partes dun libro e coñecer a información que aporta cada unha	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar
Acceder aos fondos usando un marcador (carola)	Sistemática	Marcadores persoais e fondos da biblioteca escolar
Buscar fondos que ofrezan información sobre un tema	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros
Usar a opac meiga	Sistemática	Internet e fondos da biblioteca
Buscar e colocar libros (cdu, materia, autor, título)	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar
Conferencias sobre un tema	Puntual	Fondos da biblioteca e outros

Lectura de imaxes	Sistemáticas	Pantalla dixital, fondos da biblioteca e outros
Proxecto documental de todo o centro: "Cantábase e cántase, contábase e cóntase, xogábase e xógase..." (Proxecto ARCE).	O traballo durante este curso estará orientado ás distintas actividades comprometidas co ARCE e a organizar o encontro co colexio de Tarragona co cal faremos intercambio.	Fondos da biblioteca, internet, museos. exposicións e outros.
Taller de escritura.	Sistemáticos	Fondos da biblioteca, persoais e outros.
Clubes de lectura	Tres sesión anuais.	Fondos da biblioteca.

- LER EN FAMILIA.

Sendo as familias un soporte para a adquisición, desenvolvemento e afianzamento das técnicas instrumentais básicas apoian o proceso de lectoescritura con:

- ✓ MOCHILAS VIAXEIRAS: Ed. Infantil, 1º e 2º ciclo de Educación Primaria (un libro de contos, un cómic, un libro de poesía, unha revista, un libro de consulta, unha película, e un caderno de anotacións). En Ed. Infantil inclúen un libro de manualidades para que o neno/a faga alguna creación coa súa familia.
- ✓ GUÍAS DE LECTURA: No Nadal e en verán.
- ✓ EXPOSICIÓNS: Aportando materiais e visitándoa logo.
- ✓ PARTICIPACIÓN EN LECTURAS CO ALUMNADO: Relatan algo relacionado con eles: a súa vida, o seu traballo, o lugar onde viven ou viviron, etc.
- ✓ PREPARACIÓN E ASISTENCIA A ACTIVIDADES PUNTUAIS: o Nadal, o entroido, representacións teatrais, etc

- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

- ❖ Observación do desenvolvemento do propio plan:

- Biblioteca.
- Profesorado.

- Alumnos/as.

- ❖ Cuestionarios sobre algún aspecto concreto.
- ❖ Diarios de lectura (moi sinxelos, voluntarios, anotan o que lles gustou ou o que non, o que lles chamou a atención, etc...).

15.- PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO (PLC) CURSO 2011/12.

Este proxecto foi presentado polo EDL á comisión encargada da súa redacción definitiva o día 18 de outubro . Esta comisión constituíuse do seguinte xeito:

- D. José Manuel Reboredo Baños, director do centro e membro da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Dna. Dolores Fernández Brea, profesora de L. Galega e L. Castelá do 3º Ciclo de EP.
- D. Constantino Regueira Paz, como coordinador do EDL.

1. DATOS PREVIOS:

1.1. Situación lingüística do alumnado.

Segundo o estudo que se pasou ás aulas no comezo desde curso, a lingua de instalación dos alumnos/as é a seguinte:

- E. INFANTIL

Nº alumnos/as galego falantes	89
Nº de alumnos/as castelán falantes ...	39
Nº de alumnos/as sen definir	16

- E. PRIMARIA

Nº de alumnos/as galego falantes ...	122
Nº de alumnos/as castelán falantes	93
Nº de alumnos/as sen definir.....	33

1.2. Matrícula e procedencia do alumnado.

Para este curso a matrícula é de 392 alumnos/as: 144 en E. Infantil e 248 en Primaria.

Destes 390 alumnos, ven en transporte escolar un 57 %, procedentes da zona rural, sendo residentes na vila os demais alumnos/as.

Hai unha porcentaxe significativa de familias inmigrantes, sobre todo de Sudamérica, que amosan unha acusada tendencia ó monolingüismo en castelán, a pesar de convivir nas aulas e no patio desde a idade de E. Infantil.

2. AS LINGUAS NO CENTRO.

2.1. Lingua na que se imparten as materias curriculares.

Ademais das áreas que o decreto de plurilingüismo establece que se impartan en castelán e galego (L. Castelá e Matemáticas / C. do Medio e L. Galega), impártense ademais E. Física, Plástica e E. para a Cidadanía en castelán, e Relixión e Música en galego.

2.2. Exencións.

Temos unha alumna no 2º nivel do 3º ciclo de E.P. que está no 2º curso de exención, exención que solicitou e fixo efectiva o curso anterior no centro de procedencia.

3. PROPOSTAS DE APOIO A COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS EN ÁMBALAS DÚAS LINGUAS.

- Obradoiros de expresión oral con intercambio entre aulas, promovidos polo equipo de biblioteca.
- Elaboración de traballos de creación propia e pescuda no entorno onde reside o alumno/a, referidos ó patrimonio de cultura popular, material e inmaterial.
- Desde os equipos de Biblioteca, Normalización e Extraescolares, promóvense campañas de lectura e teatro.

16.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.

Para contribuir a unha mellor divulgación, e avaliación do Plan de Autoprotección do Centro, a Comisión encargada da súa redacción e supervisión ten previsto realizar as seguintes actuacións, todas elas en colaboración coa Agrupación de Protección Civil e Policía Local da Estrada:

OBXECTIVO: Revisar o Plan de Evacuación.		
TAREAS	TEMPORALIZAC	RESPONSABLES
Distribución de funcións e nomear responsables de planta.	Primeiro Trimestre	Director
Realización de nova distribución de espazos e cambiar os planos correspondentes.	Antes de fin de xaneiro	Director

OBXECTIVO: Difundir o Plan de Evacuación entre a Comunidade Educativa.

TAREAS	TEMPORALIZAC	RESPONSABLES
Información ao alumnado, profesorado, persoal de servizo e ANPA das posibles novidades que xurdan da revisión.	Segundo Trimestre	Director

OBXECTIVO: Realizar simulacros de evacuación.		
TAREAS	TEMPORALIZAC	RESPONSABLES
Compra de silbatos para axudar á evacuación do edificio.	Segundo trimestre	Comisión de seguimento
Realización de exercicios preparatorios nas titorías.	Segundo e terceiro trimestres	Titorías
Realización de exercicios de evacuación (simulacro programado e non programado).	Segundo e terceiro trimestres	Director

OBXECTIVO: Avaliación.		
TAREAS	TEMPORALIZAC	RESPONSABLES
Información e análise dos simulacros, tanto no Claustro como no Consello Escolar.	Segundo e terceiro trimestres	Comisión de seguimento
Avaliación dos simulacros por parte da Comisión de seguimento do Plan.	Segundo e terceiro trimestres	Comisión de seguimento
Elaboración da Memoria final coa inclusión de propostas de mellora para o próximo curso.	Terceiro trimestre	Comisión de seguimento

17.- PLAN DE CENTRO DIXITAL.

17.1. PROPOSTAS E OBXECTIVOS

Este Centro, segue a facer unha aposta polas Novas Tecnoloxías e neste momento contamos en todas as aulas con computadores. No curso 2009/10 renováronse 13 PCU e un monitor, si ben é necesario continuar co programa de renovación debido á antigüidade dos equipos.

Este curso non só se manterá no noso Centro o Proxecto Abalar que dotou de medios audiovisuais e informáticos as dúas aulas de 1º Nivel de Terceiro Ciclo de E. Primaria (portátiles para cada alumno/a, portátil profesor, proxector, pizarra interactiva, Wifi,...), senón que se ampliará ás dúas aulas de 2º Nivel de Terceiro Ciclo polo que se fai máis necesario, se cabe, continuar con este plan de centro dixital.

Os obxectivos de centro dixital serán os seguintes:

1. Continuar dotando as aulas de equipamento. Para este curso propoñémonos equipar as catro aulas de Primeiro Ciclo e as dúas de 4º de Educación Infantil con proxector, pantalla dixital interactiva e portátil para o profesor/a.
2. Traslado da aula de informática á planta baixa (coa colaboración da Estrada Dixital) para facilitar o acceso aos alumnos/as de Educación Infantil.
3. Seguir impulsando o acceso á sociedade do coñecemento da Comunidade Educativa e a nosa contorna.
4. Utilizar as Novas Tecnoloxías, como ferramenta habitual, no proceso de ensino - aprendizaxe.
5. Favorecer a aprendizaxe interactiva mediante a exploración dos sitios web's.
6. Optimizar os recursos humanos, materiais e de espazo do Centro.
7. Facilitar á Comunidade Educativa servizos de teletramitación: inscricións, matriculación, bolsas, axudas, certificacións,...
8. Seguir informando a través da nosa páxina web dos aspectos máis importantes relacionados coa actividade do Centro: Proxecto Educativo, actividades, reunións Consello Escolar,...
9. Potenciar a comunicación do Centro e a Comunidade Educativa a través da rede: notificacións, consultas, información académica.
10. Elaborar propostas curriculares para ir adaptando os distintos Proxectos Curriculares ás Novas Tecnoloxías.
11. Realizar xestións académicas e administrativas a través da rede, con outros Centros e a administración.
12. Elaboración dunha nova páxina web do centro en colaboración coa Estrada Dixital.
13. Posta en marcha dunha plataforma de mensaxería a móbiles para comunicar cos pais/nais.

17.2. SERVICIOS DE ATENCIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA QUE SE PRETENDEN ESTABLECER.

- Xestión académica a través da páxina Web: Sección Xestión.
- Información titorías: contacto a través do Correo electrónico e mensaxería.
- Uso das enciclopedias electrónicas dispoñibles no Centro.
- Uso de programas educativos e de unidades didácticas por parte do profesorado.
- Contacto con outros centros para intercambio de experiencias e/ou materiais didácticos a través de Internet: Correo-E, Chat, Web, Foros, etc.

18.- PROXECTO ABALAR

O CEIP. de Figueiroa foi elixido como centro piloto, único centro público de ensino infantil e primario da Estrada, para desenvolver este Proxecto no curso escolar 2010/2011.

Para este curso escolar 2011/2012 non só se mantén o Proxecto para os alumnos/as de Primeiro Nivel de Terceiro Ciclo de E. Primaria, senón que se amplía aos de Segundo Nivel, dotando ao Centro co equipamento necesario para a posta en marcha de dúas novas aulas Abalar. Por tanto, o 33,33 % das aulas de E. Primaria contan con plena integración das Tic na práctica educativa o que supón un avance moi importante para completar a formación dos nosos alumnos/as.

Este proxecto desenvolverase en todas as aulas de Terceiro Ciclo.

O proxecto ABALAR ten a súa orixe na palabra celta "Abal", que significa mazá, a froita da sabedoría, e no termo galego "Abalar" para transmitir a mensaxe de promover e facilitar o movemento, o cambio e a transformación na educación.

ABALAR é o proxecto que substancia a estratexia para a integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia, como unha das áreas prioritarias de intervención da consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

ABALAR inclúe e integra todas as iniciativas no ámbito educativo, xuntando os esforzos cara á modernización e mellora da educación.

ABALAR recolle, suma e incrementa os recursos existentes para acadar a resposta integral e de futuro aos retos que presenta a educación dos nosos nenos/as na sociedade dixital do século XXI.

ABALAR organizará os recursos existentes cara a acadar o aproveitamento efectivo dos contidos dixitais existentes nas redes nuns centros educativos cada vez máis preparados tecnoloxicamente.

ABALAR é unha estratexia educativa global e integradora, definida con obxectivos claramente determinados para maximizar o aproveitamento dos recursos na mellora das competencias da nosa cidadanía, que coordina e impulsa un cambio de modelo educativo en Galicia apoiado na formación do profesorado e na modernización do ensino.

O proxecto ABALAR persegue un salto cualitativo e cuantitativo no modelo educativo galego, co fin de mellorar a súa eficiencia nun proceso de modernización, integrando as tecnoloxías da información e da comunicación en todos os ámbitos educativos

O proxecto busca maximizar o aproveitamento dos recursos, coordinar e impulsar un cambio no modelo educativo apoiado na formación do profesorado e a modernización do ensino que suporá a conversión dos colexios e institutos galegos en centros educativos dixitais.

O proxecto ABALAR, liderado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, leva a cabo un proceso de cambio no que converxerán de forma coordinada e aliñada os seguintes eixos sobre os que se desenvolve o proxecto:

- Equipamento e infraestruturas.
- Contidos educativos.
- Fomento da cultura dixital.
- Integración e participación.

A estratexia do proxecto ABALAR xira arredor do concepto de centro educativo dixital. O centro educativo dixital supera o concepto de centro educativo tradicional e persegue dispor de recursos humanos e pedagóxicos, así como de infraestruturas e servizos axeitados para o uso cotián da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa, na actividade docente, de aprendizaxe e administrativa.

18.1. EQUIPAMENTO E INFRAESTRUTURA

O proxecto garantirá a dotación e o mantemento da infraestruturas TIC no centro, facilitando a conversión centro educativo tradicional en Centro educativo Dixital (CED).

- Equipamento: proxectores, taboleiros dixitais, ultraportátiles de alumnos/as e profesores/as, mobles con bandexas para a recarga ...
- Infraestruturas: CPD, cableado e canalizacións, acondicionamento de aulas, instalación eléctrica ...
- Conexión: á rede de Educación e a internet.

A dotación mínima das aulas dun centro educativo dixital contará coas seguintes características:

Ultraportátil para cada alumno

Portátil para o uso do profesorado para controlar o taboleiro dixital e o proxector.

Moble con bandexas para depositar os ultraportátiles e con regletas de toma de corrente onde se poidan conectar os ordenadores.

Conexión Wifi que permita a comunicación entre todos os ordenadores da aula e que tamén facilite o acceso a Internet e á intranet do centro.

Taboleiro dixital interactivo e proxector.

18.2. CONTIDOS EDUCATIVOS

Como elemento fundamental do novo modelo educativo que expón o Proxecto ABALAR, dotarase ao profesorado, así como ao resto da comunidade educativa de contidos e recursos educativos dixitais.

- Facilitando o desenvolvemento de novos modelos pedagóxicos e a incorporación dos últimos avances tecnolóxicos na educación.
- Aproveitando as mellores prácticas desenvolvidas nos centros máis avanzados, pondo en valor todo o traballo e coñecemento do profesorado galego.
- Fomentando o espírito colaborativo e participativo dos docentes para establecer unha comunidade de desenvolvemento de contidos propios.
- Pondo en marcha un repositorio de información que se alimentará con contidos internos e externos á Xunta de Galicia, tanto públicos como privados e totalmente integrados no espazo ABALAR.

18.3. FOMENTO DA CULTURA DIXITAL

O proxecto ABALAR busca a adopción e integración cultural das TIC en todos os ámbitos do proceso educativo.

Nos docentes, deseñando un plan de formación específico para a súa habilitación no uso das TIC na práctica docente, e proporcionándolles recursos educativos dixitais para empregar nas distintas materias.

Nas familias, difundindo as novas canles e soportes audiovisuais de comunicación, favorecendo o acceso aos servizos que proporciona a e-Administración.

Todo o proceso está orientado a apoiar a xestión do cambio de modelo de centro educativo tradicional ao novo centro educativo dixital, fomentando o tránsito:

- Da aula de informática á informática na aula.
- Dos actuais libros de texto aos libros dixitais.
- Da aprendizaxe pasiva á aprendizaxe colaboradora, a investigación e a aprendizaxe activa e interactiva.
- Do profesor/a que ensina informática ao profesor que usa a informática para ensinar.

Desta forma todos os alumnos/as, ao completar a súa formación, deberán posuír competencia dixital.

18.4 INTEGRACIÓN E PARTICIPAIÓN

O proxecto ABALAR disporá dun portal propio, "espazoABALAR", que será o referente dos servizos educativos en Galicia para toda a comunidade:

- Achegando a educación aos cidadáns e involucrando ás familias na educación dos fillos/as.
- Promovendo o desenvolvemento das TIC no ámbito educativo, convidando á participación e motivación do alumnado e loitando contra o fracaso escolar.
- Fomentando a participación colaborativa dos centros e da comunidade docente, incorporando como peza fundamental o Repositorio de Contidos Educativos de Galicia.

O espazo ABALAR proporcionará:

Ás familias

- Información directa do absentismo e seguimento académico dos fillos/as.
- Comunicación directa e multicanle co profesorado e tutores/as.
- Xestión telemática de todos os trámites relacionados coa educación.

Aos alumnos/as

- Teleasistencia aos alumnos/as con baixas de longa duración, desde a súa casa ou mesmo desde o hospital.
- Facilidades para o seguimento da actividade escolar a alumnado discapacitado.
- Ferramentas e mecanismos para o acceso aos materiais, e recursos para a actividade escolar no centro educativo dixital.

Aos profesores/as

- Facilitará información sobre as características e servizos que ofrecen os centros docentes.
- Facilitará novas canles de comunicación entre pais, profesores/as, dirección e alumnos/as.
- Integrará as ferramentas e servizos de apoio á actividade docente: aulas virtuais, sistemas de videoconferencia, repositorios de contidos educativos.

Ás ANPAS

- Porá a disposición de cada unha das ANPAS dos centros educativos un portal onde desenvolver e dar a coñecer as súas actividades.
- Será un contorno colaborativo que proporcionará ferramentas e servizos para o desenvolvemento das súas actividades: xestión documental, difusión de noticias e notificacións, xestión de comunidades de pais, ferramentas de apoio á xestión de actividades e foros e espazos de traballo.

19.- PROXECTOS A DESENVOLVER NO CURSO 2011/12

Os proxectos a levar a cabo durante este curso escolar son os que se detallan a continuación:

- 1.- Aprobación do Regulamento de Réxime Interior.
- 2.- Continuación do Proxecto Arce.
- 3.- Ampliación do Proxecto Abalar.
- 5.- Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares (Plambe).
- 6.- Revisión e aprobación do PEC adaptando á lexislación vixente.

20.- ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

OBXECTIVO: Continuar coa formación permanente do profesorado		
TAREAS	TEMPORALIZAC	RESPONSABLES
Xornada Abalar	1º Trimestre	Coordinador Abalar

21.- ACTIVIDADES PROMOVIDAS POLA ANPA.

A ANPA "Picariños" do CEIP de Figueiroa realizará este curso escolar 2011/12 as seguintes actividades extraescolares, dirixidas ao alumnado das idades que se indican no cadro que a continuación se referencia.

Para poder participar nestas actividades é preciso estar asociados á ANPA.

HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00 – 17:00	LET'S PLAYING IN ENGLISH (Infantil)	DEBUXO, PINTURA E ARTES MANUAIS			
17:00 – 18:00	LET'S				

	PLAYING IN ENGLISH (1º, 2º e 3º Primaria)				
18:00 – 20:00		FÚTBOL ESCOLA CALLOBRE (a partir de 5 anos)			

No centro estase a desenvolver, organizado polo Concello da Estrada o PLAN MADRUGA. Asisten 22 alumnos/as do CEIP. FIGUEIROA e do CEIP. PÉREZ VIONDI.

O horario de apertura é de 7:30 h. a 09:00 h. O servizo é prestado por unha empresa de servizos contratada polo Concello aportando os alumnos/as unha pequena cantidade. Para a prestación deste servizo estase a utilizar o salón de usos múltiples e un pequeno despacho situado a carón do sala de calefacción. A súa utilización non supón ningún atranco para o desenvolvemento da actividade docente do centro.

Por terceiro ano funcionará o servizo de Comedor Escolar xestionado pola ANPA "Picariños" do CEIP. de Figueiroa. Este servizo prestarase en horario de 14:00 h. a 16:00 h. a través da Empresa SERUNIÓN, S.L. contratada pola ANPA. Utilizarase para dar o servizo a instalación habilitada ao efecto pola Delegación Provincial de Educación. A súa utilización non supón ningún atranco para o desenvolvemento da actividade docente do centro. Cada usuario deste servizo pagará una cantidade, da que se descontará a subvención correspondente obtida. Asistirán uns 47 alumnos/as de Educación Infantil e Primaria, o que supón un incremento considerable con respecto ao curso anterior.

O Centro pon a disposición todos os recursos cos que conta o centro para a realización das actividades propostas: Plan Madruga, Comedor Escolar e actividades de tarde.

O obxectivo que se persegue é ofrecer ao alumnado e ás súas familias unha oferta de xornada escolar ampliada complementando a formación regulada, de forma que o centro, a través da ANPA, oferte actividades para completar a súa formación e utilizar de xeito proveitoso o tempo libre á vez que as familias poidan compaxinar a vida laboral coa vida familiar.

Dna. MARÍA JOSÉ ALBELA SILVA, Secretaria do do CEIP. de Figueiroa da Estrada,

CERTIFICA:

Que en Sesión Ordinaria do Consello Escolar deste Centro, celebrada o 25 de outubro de 2011, aprobouse por unanimidade dos presentes, o PLAN ANUAL DE CENTRO PARA O CURSO 2011/12.

Aos efectos oportunos

A Estrada, a 26 de outubro de 2011

O DIRECTOR,

A SECRETARIA,

Asdo.: José Manuel Reboredo Baños

Asdo.: M^o José Albela Silva